

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 04.03.2021 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 4 de marzo de 2021, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 10151 (11/CPC-000017)
Do director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, por petición propia, para informar sobre o balance do funcionamento das Casas Niño no rural galego como ferramenta de dinamización demográfica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 91, do 10.02.2021

Punto 2. Preguntas

- 2.1 8016 (11/POC-001372)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis
Sobre os medios previstos para difundir o tríptico dirixido a autónomos, micropemes e pemes que desenvolve as actuacións necesarias no caso de contaxio de SARS-CoV-2, os contidos desa guía e outras iniciativas semellantes desenvolvidas polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 85, do 29.01.2021
- 2.2 10314 (11/POC-001892)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir a atención necesaria aos doentes con patoloxías cardíacas no Hospital da Mariña e o prazo previsto para a cobertura das prazas de cardiólogo vacantes no centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 18.02.2021
- 2.3 10386 (11/POC-001903)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis
Sobre as intencións do Goberno de dotar o Servizo de CardioloXía do Hospital da Mariña dos recursos humanos, materiais e tecnolóxicos necesarios para ofrecer unha atención de calidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 18.02.2021



O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2021

María Corina Porro Martínez

Presidenta da Comisión

María
Corina
Porro
Martíne
z

Firmado digitalmente
por María Corina
Porro Martínez
Nombre de
reconocimiento (DN):
cn=María Corina
Porro Martínez ,
email=corina.porro.g
onzalez@parlamento
degalicia.es
Fecha: 2021.02.25
16:25:03 +01'00'



Asinado dixitalmente por:

María Corina Porro Martínez na data 25/02/2021 16:25:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 25/02/2021 16:47:41
Nº Rexistro: 2950
Data envío: 25/02/2021 16:47:41.016

CSV: REXISTROURddgYkO18
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

María Corina Porro Martínez

P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira

P

Secretaria

Iria Carreira Pazos

BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz

P

Marina Ortega Otero

S

José Alberto Pazos Couñago

P

Noelia Pérez López

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

Olalla Rodil Fernández

BNG

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

P

María Elena Suárez Sarmiento

P

Julio Torrado Quintela

S

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.03.2021

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.03.2021

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 10151(11/CPC-000017)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Familia, Infancia e Dinamización

Demográfica, por petición propia, para informar sobre o

balance do funcionamento das Casas Niño no rural galego como

ferramenta de dinamización demográfica

Publicación da iniciativa, 91, 10.02.2021

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego- do Director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica- para ***“informar sobre o balance do funcionamento das Casas Niño no rural galego, como ferramenta de dinamización demográfica”***.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 09:55:33
Nº Rexistro: 10151
Data envío: 08/02/2021 09:55:33.165



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2021 9:55:25

CSV REXISTRO/RPpSGT9
Validado
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.03.2021

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.03.2021

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 8016(11/POC-001372)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre os medios previstos para difundir o tríptico dirixido a autónomos, micropemes e pemes que desenvolve as actuacións necesarias no caso de contaxio de SARS-CoV-2, os contidos desa guía e outras iniciativas semellantes desenvolvidas polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia

Publicación da iniciativa, 85, 29.01.2021

A Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez e Elena Suárez Sarmiento, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Xunta de Galicia vén de elaborar unha guía e un tríptico dirixido a autónomos, micropemes e pemes con información útil para actuar fronte a un caso de contaxio pola covid-19.

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), puxo á disposición da cidadanía estes documentos cos que se pretende, por unha banda, poñer o acento nas medidas de prevención necesarias para evitar contaxios nos centros de traballos e, por outra banda, dar pautas para que, en caso de contaxio, a resposta áxil e ordenada e sempre segundo os criterios da autoridade sanitaria.

Esta actuación súmase ao labor que está a desempeñar a Consellería de Emprego e Igualdade, a través do Issga, para posibilitar a reactivación económica coas máximas garantías de seguridade en todos os centros de traballo de Galicia.

O reto do Goberno galego é seguir avanzando en medidas que aposten pola prevención e o apoio a todos os traballadores e traballadoras de Galicia, para garantir a estabilidade económica e o mantemento do emprego na nosa comunidade.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Que medios están previsto empregarse para a difusión da guía e tríptico dirixido a autónomos, micropemes e pemes con información útil para actuar fronte a un caso de contaxio pola covid-19?
2. Cal é o contido específico desta guía?
3. En que outras iniciativas traballa e traballou ao longo destes últimos meses o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia para seguir avanzando en medidas que aposten pola prevención e o apoio a todos os traballadores e traballadoras de Galicia?





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8016
Data envío: 14/01/2021 14:14:48.269

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 14/01/2021 13:23:32

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 14/01/2021 13:23:51

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2021 13:24:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV REXISTROSWLVL4J5
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8016
Data envío: 14/01/2021 14:14:48.269

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 14/01/2021 13:24:31

José Alberto Pazos Couñago na data 14/01/2021 13:24:39

Noelia Pérez López na data 14/01/2021 13:24:51

María Corina Porro Martínez na data 14/01/2021 13:25:04

María Elena Suárez Sarmiento na data 14/01/2021 13:25:15



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.03.2021

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 10314(11/POC-001892)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir a atención necesaria aos doentes con patoloxías cardíacas no Hospital da Mariña e o prazo previsto para a cobertura das prazas de cardiólogo vacantes no centro

Publicación da iniciativa, 97, 18.02.2021



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 18:18:36
Nº Rexistro: 10314
Data envío: 08/02/2021 18:18:36.934

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O hospital da Mariña, sito en Burela, é o hospital de referencia da zona norte da provincia de Lugo e atende a unha poboación de máis de 70.000 habitantes que se incrementa de xeito exponencial na época de vacacións.

No hospital da Mariña hai tres prazas de cardiloxía, non obstante a día de hoxe o hospital só conta cun único cardiólogo que só atende as urxencias, tal e como veñen de denunciar pacientes e a Plataforma Sanitaria da Mariña.

En setembro de 2020 un dos cardiólogos do hospital da Mariña solicitou unha excedencia, sen que a día de hoxe o Sergas cubrise esta vacante. A finais do ano 2020 o Sergas afirmaba que a atención na área de cardiloxía se atopaba garantida polo feito de que quedaban dous cardiólogos no hospital.

Dende hai 15 días, debido a una incapacidade temporal, tamén falta a segunda cardióloga que forma parte deste servizo, co que queda un único cardiólogo no servizo de cardiloxía no hospital da Mariña, que só atende urxencias.

A non cobertura destas prazas é unha mostra máis da degradación constante e do desmantelamento da sanidade pública na comarca da Mariña por parte da Xunta de Galicia.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Entende o Goberno galego que a atención no servizo de cardiloxía do hospital da Mariña se atopa garantida nestas condicións?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 18:18:36
Nº Rexistro: 10314
Data envío: 08/02/2021 18:18:36.934

2ª) Que medidas vai tomar o Goberno galego para garantir que os enfermos con patoloxías cardíacas reciban a asistencia que necesitan?

3ª) Cando pensa o Goberno galego cubrir as tres prazas de cardiólogos que existen no hospital da Mariña?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/02/2021 12:54:22

Julio Torrado Quintela na data 08/02/2021 12:54:39

Marina Ortega Otero na data 08/02/2021 12:54:49



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.03.2021

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 10386(11/POC-001903)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as intencións do Goberno de dotar o Servizo de
Cardioloxía do Hospital da Mariña dos recursos humanos,
materiais e tecnolóxicos necesarios para ofrecer unha
atención de calidade

Publicación da iniciativa, 97, 18.02.2021



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 12:36:00
Nº Rexistro: 10386
Data envío: 09/02/2021 12:36:00,016

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de dotar ao servizo de cardioloxía do Hospital da Mariña dos profesionais sanitarios necesarios para ofrecer unha atención de calidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comezos do mes de febreiro o persoal do Hospital da Mariña era coñecedor de que o servizo de cardioloxía quedaba case baleiro ao contar soamente con un profesional, que aínda por riba só atende urxencias. Mais esta problemática xa viña arrastrada desde hai tempo, xa que desde antes de setembro do 2020 o hospital contaba con tres profesionais que xa non eran capaces de atender as necesidades da comarca, levando a unha grande precariedade dos servizos sanitarios e xerando listas de agarda de até 2 anos para probas diagnósticas coma ecocardiogramas ou probas de esforzo. Esta situación tan preocupante xa se facía notar cando se contaba con tres especialistas en cardioloxía, un número que se vería reducido en setembro ao solicitar un dos profesionais unha excedencia, deixando unha praza libre que en ningún momento foi cuberta. Do mesmo xeito, como se dixo anteriormente, a comezos de febreiro fíxose saber que este servizo quedaría cun só facultativo debido a unha baixa transitoria da outra profesional coa que contaba cardioloxía, unha profesional que tamén se verá soa á súa volta debido a que o cardiólogo que está a traballar só a día de hoxe vai xubilarse en





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 09/02/2021 12:36:00

Nº Rexistro: 10386

Data envío: 09/02/2021 12:36:00.016

pouco tempo, polo que esta situación de absoluta precariedade vai repetirse de novo dentro duns meses.

Por desgraza, este é só un dos múltiples déficits e eivas que presenta o Hospital da Mariña, un hospital que día a día está vendo reducidos os servizos e prestacións que lle pode ofrecer á sociedade mariñá, a pesar de contar coa xa famosa ampliación de infraestruturas, que na realidade non foi outra cousa que un aumento de metros cadrados cunha diminución da calidade da nosa sanidade pública.

Por todo isto e polo inmenso perigo que supón ter soamente un só cardiólogo para máis de setenta mil habitantes que ten a comarca da Mariña, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Está disposta a Xunta de Galiza a dotar ao Hospital da Mariña con máis profesionais en cardioloxía que garantan os recursos humanos, materiais e tecnolóxicos e a atención ao paciente tanto en calidade como en proximidade?

. Porque o goberno da Xunta de Galiza non cubriu inmediatamente as prazas de cardioloxía que quedaron sen profesionais?

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 09/02/2021 12:36:00

Nº Rexistro: 10386

Data envío: 09/02/2021 12:36:00.016

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 09/02/2021 12:13:56

María Montserrat Prado Cores na data 09/02/2021 12:13:59

Iria Carreira Pazos na data 09/02/2021 12:14:07

CSV REXISTRO de Sufixos
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

